



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

### DECRETO DA ALCALDÍA 418/2017

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 8/2017

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 30 de novembro de 2017 ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me confiren os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno**, convoco a correspondente a **novembro de 2017, para o xoves 30 de novembro de 2017, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira ) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 7/2017, ordinaria, do 28 de setembro de 2017).
- 2.-Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2017.
- 3.-Proposta de aprobación definitiva da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.
- 4.- Proposta de aprobación polo Concello de Carral de modificación dos estatutos para a constitución e funcionamento da asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés).
- 5.- Proposta de aprobación inicial de modificación da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, para a súa adaptación á Disposición Adicional 8ª da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

#### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 6.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 7.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 8.-Rogos e preguntas.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Notifíquese a presente resolución aos/ás Sres/as. concelleiros/as membros do órgano convocado, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría (accidental ou titular) do Concello a partir da notificación da convocatoria.

(O presente decreto consta de dúas páxinas, numeradas do un ao dous)

Carral, 27 de novembro de 2017

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino



Visto o decreto,

A SECRETARÍA

ACCIDENTAL

Sonia Campos Ares